



DATOS IDENTIFICATIVOS

Diseño de Exposicións e Modelos Expositivos

| | | | | |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia | Deseño de Exposicións e Modelos Expositivos | | | |
| Código | O02M143V01211 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 3 | OP | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | Historia, arte e xeografía | | | |
| Coordinador/a | Vázquez Rozas, Roberto | | | |
| Profesorado | Vázquez Rozas, Roberto | | | |
| Correo-e | rvrozas@uvigo.es | | | |
| Web | http://http://fatic.uvigo.es/ | | | |
| Descrición xeral | Esta materia ten como obxectivo introducir ao alumnado na planificación de exposicións de contido patrimonial, atendendo ao punto de vista conceptual da creación de mensaxes, e ao punto de vista material dos espazos e condicionantes que interveñen no seu deseño. | | | |

Competencias

| | |
|--------|--|
| Código | |
| A2 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| A4 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades. |
| B1 | Adquirir a capacidade para diferenciar e valorar as diversas expresións do Patrimonio Cultural, coñecer as ferramentas para a súa cuantificación e protección, así como as diferentes perspectivas que abordan a súa xestión. |
| C1 | Estar capacitado para seleccionar as ferramentas de estudo e documentación necesarias para coñecer o ben cultural, incluso establecendo metodoloxías de traballo estandarizables. |
| C3 | Adquirir a capacidade para redactar proxectos de intervención no Patrimonio cultural de acordo coa lexislación reguladora específica. |
| C4 | Adquirir a capacidade para catalogar o Patrimonio cultural inmovible, esbozando niveis de risco e podendo establecer mecanismos de protección xurídica e preventiva. |
| C8 | Entender os valores multifactoriais do Patrimonio cultural, e valorarlo adecuadamente conforme a criterios de uso social. |
| C16 | (CE3-M4) Desenvolver a capacidade para a toma de decisións sobre a función que se asigna ao Patrimonio, a súa posta en valor e uso público, e para a elaboración de estratexias encamiñadas á súa recuperación. |
| D4 | Concebir a protección do Patrimonio cultural nun marco de desenvolvemento sostible. |

Resultados de aprendizaxe

| | |
|---------------------------------|---------------------------------------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---------------------------------|---------------------------------------|

| | |
|---|----------------------------|
| Adquirir a capacidade de planificar exposicións de contido patrimonial. | A2 A4 C1 C3 D4 |
| Introducir ao alumnado na planificación de exposicións de contido patrimonial, atendendo ao punto de vista conceptual da creación de mensaxes | A2 B1 C4 C8 |
| Introducir ao alumnado na planificación de exposicións de contido patrimonial, atendendo ao punto de vista material dos espazos e condicionantes que interveñen no seu deseño | A4 B1 C3 C16 |

Contidos

| Tema | |
|---|--|
| 1.Introducción: Museoloxía e Museografía | Neste tema abórdanse os criterios básicos de planificación no museo. Incorpórase un PDF que ilustra as clases presenciais e as lecturas preceptivas para os alumnos presenciais. |
| 2. Comisariado de exposicións como ferramenta de investigación e creación | Análise daqueles proxectos expositivos que, desde as vangardas históricas ata a actualidade, actuaron como un revulsivo, permitindo non só o nacemento de novas linguaxes artísticas senón tamén a práctica de novos modelos expositivos cuxa praxes de funcionamento segue vixente na actualidade. |
| 3. Modelos expositivos. | Os museos son institucións permanentes que adquiren, conservan, investigan comunican e exhiben coleccións de obxectos de natureza diversa cos propósitos de estudo, educación e contemplación. O museo cambiou ata facerse irrecoñecible. A conexión entre arte e vida reivindicada pola vangarda histórica ha ocorrido, pero en forma de industria cultural e *estetización comercial para o consumo. |
| 4. O museo contemporáneo: arquitectura e espectáculo. | Dos cambios experimentados polo museo contemporáneo a partir da inauguración do Centro Georges Pompidou no ano 1977, xurdirá un espazo híbrido que non perde de vista o espectáculo. Éste non so está presente na programación ou nas actividades complementarias de infinidade de institucións, senón na súa propia arquitectura, a cal constitúe en moitos casos o seu principal reclamo. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introdutorias | 1 | 0 | 1 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 0 | 15 | 15 |
| Estudo de casos/análises de situacións | 0 | 24 | 24 |
| Titoría en grupo | 4 | 0 | 4 |
| Traballos e proxectos | 1 | 30 | 31 |
| Observación sistemática | 0 | 0 | 0 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|--|
| Actividades introdutorias | Presentación da materia, da metodoloxía docente e os métodos de avaliación. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Deseño dun discurso expositivo que inclúa unha obra elixida polo alumno. Esta obra deberá enriquecerse de matices grazas ao discurso elaborado polo alumno. Defensa do proxecto ante os compañeiros. |
| Estudo de casos/análises de situacións | Análise dun proxecto expositivo proposto polo profesor. O alumno deberá coñecer o texto do catálogo, comprender o concepto expositivo e analizar as súas posibles repercusións. |
| Titoría en grupo | Espacio de debate e posta en común do proceso de ensino aprendizaxe. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Seguimento personalizado do alumnado a través das titorías online, mediante os foros da plataforma Moodle, a sala virtual da plataforma E-meeting e o correo electrónico |
| Estudo de casos/análises de situacións | Seguimento personalizado do alumnado a través das titorías online, mediante os foros da plataforma Moodle, a sala virtual da plataforma E-meeting e o correo electrónico |

| Avaliación | | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | | |
|---|---|---------------|---------------------------------------|----|-----------------------------|----|
| | Descrición | | | | | |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Probas de avaliación por medios telemáticos. Avaliaranse os seguintes resultados de aprendizaxe: Introducir ao alumnado na planificación de exposicións de contido patrimonial, atendendo ao punto de vista conceptual da creación de mensaxes. Introducir ao alumnado na planificación de exposicións de contido patrimonial, atendendo ao punto de vista material dos espazos e condicionantes que interveñen no seu deseño | 20 | A2 | B1 | C3 C4 C8 | D4 |
| Traballos e proxectos | Elaboración de un análise expositivo e un proxecto de exposición a partir dunha peza singular. Avaliaranse os seguintes resultados de aprendizaxe: Adquirir a capacidade de planificar exposicións de contido patrimonial. | 50 | A2 A4 | B1 | C1 C3 C4 C8 C16 | D4 |
| Observación sistemática | Valorarase a participación a través de medios telemáticos. Avaliaranse os seguintes resultados de aprendizaxe: Introducir ao alumnado na planificación de exposicións de contido patrimonial, atendendo ao punto de vista conceptual da creación de mensaxes. Introducir ao alumnado na planificación de exposicións de contido patrimonial, atendendo ao punto de vista material dos espazos e condicionantes que interveñen no seu deseño | 30 | A4 | | C1 C4 C16 | |

Outros comentarios sobre a Avaliación

Cada estudante, segundo a normativa vixente, ten dúas convocatorias de avaliación.

A primeira lévase a cabo durante o cuadrimestre de docencia. En primeiro lugar, ao longo das semanas de docencia da materia, mediante a entrega das actividades de avaliación requiridas. No caso de que as semanas de docencia da materia non sexan suficientes para a entrega de todos os traballos previstos, habilitaranse na plataforma de docencia dúas semanas adicionais, ao final do cuadrimestre, para facilitar a devandita entrega, establecéndose neste caso un cronograma alternativo de entrega de tarefas.

A segunda avaliación realízase no mes de xullo, para o cal habilitarase de novo o acceso á plataforma docente.

Bibliografía. Fontes de información

Riviere, G. H., **La museología**, Akal,

VV. AA., **Criterios para la elaboración de un plan museológico**, Ministerio Cultura España,

González-Varas, I, **Conservacion de bienes culturales**, Alianza Universidad,

- Argan, Giulio Carlo, *Del Iluminismo a los movimientos contemporáneos*, Ed Akal, Madrid, 1998.
- Barr H. Alfred, *La definición del arte moderno*, Alianza Forma, Madrid, 1989.
- Cirlot, L., *Primeras vanguardias artísticas. Textos y documentos*, Ed Labor, Barcelona, 1993.
- Gauguin Paul, *Escritos de un salvaje* (1ª EDICION 1989) Ed Debate, Barcelona, 1989.
- Guasch, Anna María. *El arte del siglo XX en sus exposiciones (1945-1995)* Ediciones del Serbal, Barcelona, 1997.
- Kastner, Jeffrey, *Land Art y Arte Medioambiental*, Ed Phaidon, Barcelona, 2005.
- Meyer, James, *Arte Minimalista*, Ed Phaidon, Barcelona, 2005.
- Müller, Ulrike, *Bauhaus Women. Art, Handcraft, Design*, Ed Flammarion, Paris, 2009.
- Osborne, Peter, *Arte Conceptual*, Ed Phaidon, Barcelona, 2006.
- Pevsner, Nikolaus, *Pioneros del diseño moderno. De William Morris a Walter Gropius*, Buenos Aires: Infinito, 2003.
- Stangos, Nikos, *Conceptos del arte moderno. Del Fauvismo al posmodernismo*, Ed Destino/Thames and Hudson, Barcelona, 2000.
- Peggy Guggenheim, *Confesiones de una adicta al arte*, Ed Lumen, Barcelona.
- Warr, Tracey, *El cuerpo del artista*, Ed Phaidon, Barcelona, 2006.
- VVAA., *Arte desde 1900. Modernidad, Antimodernidad, Posmodernidad*, Ed Akal, Madrid, 2006.

- VVAA., *Realismo, Racionalismo y Surrealismo. El arte de entreguerras (1914-1945)* Ed Akal, Madrid, 1999.
- VVAA., *Textile Design. Artist[s] Textiles 1940-1976*, Ed Antique Collectors Club, London, 2012.
- Whitford, Frank, *La Bauhaus*, Ed Destino/Thames and Hudson, Madrid, 1991.

Recomendacións

Outros comentarios

A docencia da materia lévase a cabo utilizando a plataforma docente Moodle e, de maneira presencial, participando nas actividades docentes a través de videoconferencia ou a través de ferramentas de conexión remota sincrónica (como Adobe Connect). Para poder recibir a docencia de maneira efectiva, recoméndase, previamente ao inicio da materia, consultar o manual de acceso á plataforma e seguir as especificacións técnicas para poder asistir ás sesións remotas. Esta información está disponible no espazo común do máster. É imprescindible que o alumno acceda á plataforma docente da materia previamente ao inicio da mesma.
